



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

galicia

RS/ms



En relación coa pregunta con resposta escrita **núm.: 81303**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María do Carme Adán Villamarín e don Bieito Lobeira Domínguez, sobre **“os datos referidos ao uso da lingua galega no sistema educativo de Galicia”**, (publicada no BOPG núm.: 690, do 7 de maio de 2012), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

“O Decreto 79/2010 garante a adquisición dunha competencia en igualdade nas dúas linguas oficiais de Galicia, o máximo equilibrio posible de horas semanais e nas materias impartidas nas dúas linguas e a promoción da dinamización da lingua galega nos centros de ensino.

A realidade da situación das dúas linguas oficiais nos centros educativos sobre a que as medidas do Decreto tiveron que incidir ao inicio da súa vixencia para acadar os devanditos obxectivos foi moi desfavorable para a lingua propia, xa que se partiu dunha situación de uso minoritario do galego polo alumnado na xeneralidade dos centros galegos, especialmente nas provincias atlánticas e, poderíase dicir, que escaso no alumnado das sete cidades máis poboadas de Galicia

Cómpre lembrar que a Disposición Adicional quinta do Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, establece a avaliación anual dos resultados derivados da aplicación deste decreto, despois de finalizar o curso escolar. Evidentemente pois, á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria resúltalle imposible proporcionar datos referidos ao curso escolar 2011/2012 porque este non está rematado.

Con respecto ao curso escolar finalizado, o 2010/2011, que é o primeiro no que se aplican as medidas que establece o Decreto 79/2010, cómpre destacar que a súa implantación foi xeneralizada en todos os centros docentes, a pesar de que o Decreto contempla a implantación progresiva dalgunhas das medidas durante catro anos. Non obstante, nos centros públicos todas as medidas establecidas se incorporaron ao desenvolvemento do labor pedagóxico dos centros e tamén do seu labor administrativo.

- No nivel educativo de ensino infantil cúmprense as disposicións do artigo 5 do Decreto:

- A determinación da lingua materna predominante do alumnado.
- O uso do profesorado na aula da lingua materna predominante.
- A atención individualizada ao alumnado tendo en conta a súa lingua materna.
- O establecemento de dinámicas pedagóxicas para que o alumnado adquiera, de forma oral e escrita, o coñecemento da outra lingua oficial de Galicia.

- No ensino primario cúmprese estritamente o establecido no artigo 6 do Decreto:

- As materias de lingua impártense no idioma de referencia.
- Impártense en galego a materia de Coñecemento do medio natural, social e cultural.
- Cada centro educativo ten determinado a lingua de impartición do resto das materias de xeito que existe unha distribución equitativa de horas semanais en cada unha das linguas oficiais, e as estranxeiras nos centros plurilingües.

Cómpre ter en conta que este é un proceso que se pode realizar cada catro anos e esta obriga está establecida desde hai dous anos (artigo 6).

- Na educación secundaria obrigatoria cúmprense os preceptos do artigo 7 do Decreto, en concreto:

- As materias de lingua impártense no idioma de referencia.



- Impártense en galego as materias de Ciencias sociais, xeografía e historia, Ciencias da natureza e Bioloxía e xeoloxía.
 - Está establecida a decisión sobre a lingua en que se imparten o resto das materias, a pesar de que este é un proceso que se pode realizar cada catro anos e esta obriga está establecida desde hai dous anos. A decisión adoptada establece unha distribución na mesma porcentaxe de horas semanais para cada unha das linguas.
- En Bacharelato os centros teñen establecida unha distribución equilibrada na mesma porcentaxe da oferta de materias comúns e optativas en galego e en castelán, aínda que é un proceso que se pode realizar cada catro anos e esta obriga está establecida desde hai dous (artigo 8).
- Nos centros de Formación Profesional específica e de ensinanzas artísticas e deportivas, existe unha oferta equilibrada de materias e módulos impartidos en galego e castelán, que garanten que se acade mesma competencia lingüística dos alumnos nas dúas linguas oficiais.

Á súa vez, a elaboración de vocabularios específicos nas materias técnicas da FP específica que se imparten nestes centros é un proceso laborioso e continuo no que están implicados diferentes organismos, desde a área de terminoloxía da RAG, ata a propia consellería que ten aberta unha liña de traballo para o desenvolvemento de vocabularios específicos, actualmente de 7 Familias Profesionais, que se prevé que se publiquen ao longo do próximo curso académico.

Con respecto á Formación Profesional Específica a distancia, nos módulos que se realizaron o pasado ano garántese unha oferta equilibrada dos materiais didácticos en galego e castelán. Neste ano incrementouse substancialmente a oferta formativa de módulos a distancia, nos que se está a traballar, con todos os medios ao noso alcance, na mesma liña lingüística que o ano pasado.

Tamén está garantida da utilización de vocabularios técnicos das diferentes destrezas que se inclúen nas ensinanzas artísticas.

- Na formación de adultos a distancia, todo o material didáctico e os contidos están en galego.

Con respecto á formación de adultos presencial, cúmprese o establecido polo artigo 10 do Decreto 79/2010, xa que os centros realizaron o correspondente plan lingüístico que garante a adquisición da competencia lingüística nas dúas linguas oficiais, sen que se teña constancia de anomalía ningunha.

Con respecto á atención á poboación adulta inmigrante, cada centro, no seu plan lingüístico, determina as materias que se imparten en cada lingua e determina as súas necesidades de presenza de profesorado de galego e/ou castelán segundo a poboación residencia.

- As actividades extraescolares non dependen da Administración educativa, realízase desde as ANPAs e tamén desde os concellos ou outras entidades de tipo asociativo. É evidente que as que son responsabilidade da Administración Local galega se utiliza o galego tal como establece a Lei 05/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, cando dispón, no seu artigo 7º, que 'O galego, como lingua propia de Galicia, éo tamén da súa Administración local', de acordo co mandato recollido no artigo 5ª da Lei Orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de Autonomía de Galicia e no 4º da Lei 3/1983, de 15 de xuño, de Normalización Lingüística.

Cómpre destacar que as actividades extraescolares promovidas polas ANPAs, dada a súa participación nos consellos escolares e o seu coñecemento das medidas adoptadas nos centros para a promoción da lingua, si se realizan facendo uso preferente da lingua propia.

Á súa vez, no estudo realizado polo Observatorio da Lingua Galega no eido do tecido asociativo de Galicia, determinouse que as asociacións acadan un índice de normalización lingüística do 56.75%, e as entidades deportivas do 55,45%.

No que se refire ás actividades complementarias realizadas polos centros educativos, realízanse no idioma no que se imparte a materia que se quere reforzar.



Como apoio á consecución dos obxectivos do Decreto, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a través da SXPL, está a desenvolver unha liña de subvencións destinadas á elaboración e edición en lingua galega dos recursos didácticos curriculares e complementarios destes, realizados en soportes impresos ou dixitais, para o ensino non universitario, así como á elaboración de material didáctico para a formación regrada de adultos en lingua galega, que incorpora as directrices do Marco común europeo de referencia para as linguas.

As empresas beneficiarias destas subvencións son as empresas mercantís do sector editorial que dispoñen dun departamento de edición na Comunidade Autónoma de Galicia. A convocatoria do exercicio 2012 tivo un orzamento de trescentos mil euros, con 132 axudas concedidas para materiais curriculares editados por 15 empresas editoras.

Tamén a consellería está provendo aos centros de novos recursos e ferramentas lingüísticas do idioma galego así como de novos materiais de divulgación científica e técnica en galego que serven de apoio ao profesorado para o desenvolvemento nas aulas dos contidos das materias que se imparten na lingua propia de Galicia: dicionarios, tradutores e correctores lingüísticos, bases de datos e aplicacións terminolóxicas, vídeos de divulgación científica sobre contidos curriculares, traducións ao galego, desde o castelán ou desde outras linguas, de obras clásicas de creación literaria, recopilacións de recursos audiovisuais completados e adaptados para o seu uso nas aulas, campañas que inclúen actividades formativas en eidos audiovisuais e de TIC para o profesorado co obxectivo de que elaboren co alumnado recursos audiovisuais en galego, etc.

É de salientar tamén a colaboración e reforzo permanente dos EDLG cos que a consellería está en permanente contacto, a divulgación de material para a dinamización da lingua, así como mesmo as negociacións coa RTVG para que dote a súa plataforma web dun amplo soporte de programas que serán moi útiles para a utilización nos centros de ensino, tanto de primaria como de secundaria.

En conclusión, debemos destacar que en todos os centros educativos estanse aplicando as medidas de fomento do plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, co que a

consellería garante, en todo momento, que os alumnos do sistema educativo galego están recibindo o mesmo número de horas de formación en galego que en castelán e están utilizando materiais e recursos didácticos que lles facilitan e motivan a adquisición do mesmo nivel de competencia en galego que en castelá.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 31 de maio de 2012

O director xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Gonzalo José Ordóñez Puime

Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia